

As crises baixomedievais (crises demográficas, problemas sociais, o caso galego: as revoltas irmandiñas do século XV)

Os séculos XIV e XV estiveron marcados en toda Europa, e tamén na Península ibérica, por unha profunda crise, demográfica e económica, que afectou a todos os sectores da sociedade e estivo na base dos numerosos problemas sociais que estouparon nesas centurias.

Crises demográficas. Fronte á etapa expansiva da economía e a demografía desde o século XI, a partir de mediados do XIV iniciouse unha etapa claramente depresiva. O incremento da poboación por enriba dos recursos dispoñibles e as malas condicións climáticas (“Pequena Era Glacial”) provocaron unha sucesión de malas colleitas que deron lugar á subalimentación (moitas mortes por fame) e ao debilitamento de moitas persoas, favorecendo a propagación de enfermidades e epidemias. A situación agravouse coa extensión por toda Europa en 1348 da **Peste Negra**, que provocou unha gran catástrofe demográfica (perdas dun 25-30% da poboación peninsular) e o abandono ou semiabandono de pobos e cidades.

Problemas sociais. A crise demográfica e económica, coa conseguinte diminución das rendas, levou aos señores feudais e ás elites urbanas a esixir con dureza os seus privilexios, o que acentuou o malestar do resto da poboación e orixinou numerosas revoltas e conflitos:

- **Conflitos entre os sectores urbanos.** Foi o caso do enfrentamento da Busca e a Biga en Barcelona (1450-62), entre os artesáns e pequenos comerciantes e o goberno da cidade, que se saldou co triunfo do segundo e a dura represión contra os dirixentes da Busca. Tamén da revolta foránea de Mallorca (1450-52) ou protesta dos campesiños e artesáns contra a oligarquía da cidade de Palma, que recorreu ao exército de Aragón para derrotar aos rebeldes.

- **Ruptura da tolerancia relixiosa cos xudeus** e estoupido de numerosas persecucións violentas ou **progroms**, como o de Sevilla de 1391.

- **Revoltas antiseñoriais do campesiñado contra a presión económica dos nobres.** As manifestacións máis importantes desta oposición foron: a revolta dos *payeses de remença cataláns* (1462), na que os campesiños reclamaban a liberación da suxeición aos señores mediante unha redención ou remensa (non conseguirían este obxectivo ata unha sentenza favorable do rei Fernando *o Católico* en 1486); e as revoltas irmandiñas en Galicia.

O caso galego: as revoltas irmandiñas do século XV. Para compensar a diminución das rendas, os nobres galegos actuaron con violencia usurpando bens e esixindo novas taxas e tributos á poboación, ademais de realizar numerosas expedicións de saqueo. Os campesiños e habitantes das cidades levantáronse contra estes abusos e violencias formando **irmandades** e protagonizando as coñecidas como revoltas ou guerras irmandiñas:

· **A Irmandade *fusquenlla***, orixinada en 1431 nas terras de Pontedeume e Betanzos contra os abusos de Nuño Freire de Andrade e que foi derrotada coa axuda do arcebispo de Santiago.

· **A Gran Guerra Irmandiña (1467-69)**, que enfrontou a unha irmandade de 80.000 galegos (campesiños, burgueses, cregos, fidalgos) contra a nobreza e o arcebispo de

Santiago. Derrubaron máis de 130 fortalezas (símbolos do poder señorial) e expulsaron aos nobres, pero estes contraatacaron dirixidos por Pedro Álvarez de Soutomaior. Os irmandiños foron derrotados, padeceron unha dura represión, varios dos seus líderes foron axustizados e foron obrigados a reconstruir algunhas das fortalezas.